

NORMAS XERAIS DE ACTUACIÓN EN CASO DE SITUACIÓN DE EMERXENCIA E EVACUACIÓN

Actuación primaria contra incendios **Pulsar o pulsador de alarma máis próximo e** **Avisar a Conserxería**

ACTUACIÓN AO DESCUBRIR O INCENDIO

- Pechar a porta do local incendiado.
- Dar a alarma rápidamente. Pulsar o pulsador de alarma máis próximo. Avisar ao persoal próximo á zona da emerxencia e á Conserxería (por teléfono ou persoalmente).
- Manter a calma, non gritar.
- Seguir as instrucións dadas polo persoal dos equipos de emerxencia.
- Non se expoñer, baixo ningunha circunstancia, a un perigo por propia iniciativa.
- Apagar os lumes pequenos tapándoos, sen utilizar auga.
- No caso de que non se encontrara ninguén no edificio (en horario de edificio pechado), avisar por teléfono aos Bombeiros (080 ou 981542446 para o Campus de Santiago e 080 ou 982212000 para o Campus de Lugo) e á Patrulla do Servizo de Vixilancia da USC (607414321 para o Campus de Santiago e 609827928 para o Campus de Lugo). Agardar no acceso ao edificio a chegada dos Bombeiros e da Patrulla do Servizo de Vixilancia da USC para guíalos ate o lugar do incendio.
- Está prohibida a entrada ao Centro de Transformación a todo o persoal alleo ás instalacións. O acceso ás outras zonas de instalacións, como salas de caldeiras e grupo electrógeno, só está permitido a aquel persoal que estea autorizado pola Oficina de Xestión de Infraestructuras (OXI).

ACTUACIÓN NO CASO DE EVACUACIÓN

- Non expoñerse, baixo ningunha circunstancia, a un perigo por propia iniciativa.
- Manter en todo momento a calma e non fomentar situacións alarmistas. Controlar reaccións nervosas, non gritar e non correr. Unha caída pode obstaculizar o camiño de evacuación e a aglomeración e caída doutras persoas con graves consecuencias. Promover a axuda mutua.
- Apagar todos os equipos eléctricos.
- Eliminar obstáculos nas portas e camiños de evacuación.
- Deixar pechadas as portas e ventanas tras o paso asegurándose de que non quede ninguén no interior do recinto. Non pechar con chave.
- Axudar a evacuar aos discapacitados que se atopen na área.
- Non entreterse recollendo obxectos persoais.
- Non utilizar os ascensores.

- Nos tramos de escaleira, circular polo exterior destas para favorecer o acceso dos equipos de emerxencia.
- Durante a evacuación, non retroceder a buscar a outras persoas, xa que entorpecería a evacuación.
- Se existira fume abundante, camiñar agachado e cubrir o nariz e a boca con un pano ou outro tipo de prenda.
- Se se prendese a roupa, tirarse ao chan e rodar. Non correr, xa que se activaría máis o fogo.
- Abandonado o edificio, dirixirse á zona de reunión (punto de reunión exterior) para poder detectar posibles ausencias, informar de incidencias e facilitar o acceso e traballo dos medios de socorro e salvamento exteriores. Non abandonar a zona de reunión ate que se dea a orde. Agardar instrucións dos equipos de emerxencia.
- Se por algunha razón non podera chegar á zona segura, de ser posible deberá comunicalo ao Posto de Dirección de Emerxencias (normalmente é a Conserxería), que se encargará de informar sobre a situación. Se é preciso, comuníquese tamén ao través das ventanas.